

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE EULOGIO GÓMEZ FRANQUEIRA  
CURSO: 4º  
MATERIA: Ciencias da Natureza

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

### 0. Xustificación lexislativa

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

### 0. XUSTIFICACIÓN LEXISLATIVA

O artigo 91 da LOE (L.O 2/2006 do 3 de maio) modificada parcialmente pola LOMCE (L.O. 9/2013 do 9 de decembro) establece a programación das áreas e materias como a PRIMEIRA función do profesorado. Dita programación establécese como aberta e flexible.

A lexislación vixente establece 3 niveis de concreción curricular:

O primeiro nivel ven dado tanto polo RD 126/2014 de 28 de febreiro (currículo estatal de primaria) coma o D 105/2014 do 4 de setembro (currículo galego).

O segundo nivel serían as correspondentes concrecións curriculares establecidas polos centros educativos.

O terceiro nivel corresponde coas diferentes programacións didácticas elaboradas polo profesorado para cada materia.

O presente curso escolar 2019-2020 ten o seu calendario estipulado pola orde 20-6-19, dita orde establece un total de 175 días lectivos. O Real Decreto 463/2020 estableceu o estado de alarma (aínda vixente e en fase de desescalada), dito documento interrompeu a asistencia de alumnado e profesorado aos centros educativos dende o 14 de marzo de 2020. Como consecuencia directa o número de días lectivos con asistencia de alumnado interrompeuse en 115 días (71 días no primeiro trimestre e 44 no segundo).

A teleformación substituíu ás clases presenciais e o profesorado tivo que organizar nun espazo moi breve de tempo a continuidade da docencia durante o estado de alarma. A teleformación no noso centro está condicionada pola escasez de equipos informáticas e conexións a internet nos fogares do noso alumnado.

Tamén é preciso resaltar a mala calidade das conexións a internet no ámbito do noso centro (zona rural con escasa cobertura tanto de móvil coma de internet).

A dirección do centro sondeou as posibilidades de comunicación das familias dando coma resultado un 40% de familias sen equipos informáticas operativas ou conexión

a internet. A situación deu coma conclusión 3 únicas vías de comunicación: páxina web do centro, perfil de redes sociais (Facebook) e Whatsapp. Valorando as opcións, determinamos o Whatsapp como a vía preferente de comunicación dado que o 100% das familias son usuarias habituais deste sistema.

Seguindo as instrucións do 27-4-2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia; débense modificar os elementos previstos inicialmente nas programación didácticas establecidas a principios do presente curso escolar 19/20. Ditos cambios estarán referidos a:

- 1- Elementos curriculares avaliáveis
- 2- Modificacións metodolóxicas
- 3- Modificacións avaliativas.

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.
	CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.
	CNB1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
B3.2. Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.
	CNB3.2.2. Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.
B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	CNB4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.
	CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación
	CNB4.1.3. Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.
B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián.	CNB5.1.1. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.
	CNB5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.

2. Avaliación e cualificación	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: (Seguindo a orde ECD 65/2015)</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1- Observación sistemática do traballo dos alumnos.</li> <li>2- Probas orais e escritas.</li> <li>3- Protocolos de rexistro.</li> <li>4- Traballos de clase.</li> </ol>
	<p>Instrumentos durante as clases presenciais:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1- Probas orais.</li> <li>2- Controis de unidades e trimestrais.</li> <li>3- Caderno do alumn@.</li> <li>4- Traballos individuais.</li> </ol> <p>Instrumentos durante as clases telemáticas:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1- Tarefas propostas polo profesorado.</li> </ol>
<b>Cualificación final</b>	<p><i>Tendo en conta o número de días lectivos, procederase ordinariamente da seguinte forma:</i></p> <p><i>Cualificacións do 1º trimestre 62% da nota final</i></p> <p><i>Cualificacións do 2º trimestre 38% da nota final</i></p> <p><i>A cualificación final do curso obterase coa seguinte fórmula: Nota do 1º trimestre x 0,62 + nota do 2º trimestre x 0,38= nota final do curso.</i></p> <p><i>Aínda que se propoña este formato, analizarase cada caso individualmente buscando SEMPRE a mellor opción de cualificación final para cada neno ou nena.</i></p> <p><i>O traballo feito a partir da suspensión da actividade docente presencial SÓ puntuará en positivo e poderá supor ata un 10% de incremento na Cualificación final.</i></p>

*\*método xenérico que empregamos para a recollida de información sobre a consecución dos obxectivos formulados: observación sistemática, análise das producións do alumnado, probas específicas, valoracións por escrito, recompilación de materiais...*

*\*\*ferramentas físicas que empregamos para levar a cabo os anteriores procedementos: cuestionarios, formularios, cadernos, exame oral, exame escrito, probas de control, traballos individuais ou en grupo, rubricas...*

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Tarefas de repaso. Tarefas de recuperación. Tarefas de reforzo. Tarefas de ampliación.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A teleformación substituíu ás clases presenciais e o profesorado tivo que organizar nun espazo moi breve de tempo a continuidade da docencia durante o estado de alarma.</p> <p>Valorando diversas opcións determinamos en primaria o uso de Whatsapp como a vía preferente de comunicación dado que as familias son usuarias habituais deste sistema. Non será imprescindible o uso de impresora aínda que o concello tense comprometido a imprimir e facer chegar o material ás familias.</p> <p>1. A situación provocada pola metodoloxía non presencial fai que as actividades de aprendizaxe que se propón, aumente a importancia das seguintes estratexias:</p> <p>1.1. Partir de coñecementos previos presentando a información de xeito que active a curiosidade e o interese do alumno/a polo contido.</p> <p>1.2. Empregar unha linguaxe familiar que facilite a comprensión.</p> <p>1.3. Facilitar o proceso de orientación antes, durante e despois a través dos medios de interacción dos que se dispón.</p> <p>1.4. Coordinación entre o profesorado á hora de propoñer as tarefas ao alumnado para non sobrecargalo.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Libros de texto, dispositivos móbiles, vídeos titoriais, materiais fotocopiados, audios, mensaxes de texto así coma chamadas de voz co alumnado e familias.</p> <p>A vía de comunicación preferente é Whatsapp.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Libros de texto.</li> <li>2. Apuntamentos en diferentes formatos.</li> <li>3. Audios e vídeos.</li> <li>4. Actividades interactivas.</li> <li>5. Enlaces a páxinas web.</li> <li>6. Teléfono persoal dos docentes (whatsapp), páxina web e redes sociais do Colexio.</li> </ol>

4. Información e publicidade	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Plataforma de comunicación efectiva, Whatsapp: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Información ás familias e alumnos/as das actividades propostas, explicacións en diferentes formatos e solucionarios.</li> <li>○ Comunicación a través de correo electrónico (ceip.eulogio.gomez.franqueira@edu.xunta.es)</li> </ul> </li> <li>➤ Redes sociais do Colexio.</li> <li>➤ Páxina web do Centro.</li> <li>➤ Chamadas telefónicas.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	<p>A adaptación da programación será publicada para o coñecemento de todas as familias polos seguintes medios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Páxina web do Centro.</li> </ul>